

## REGULAMENTO DO USO DA LINGUA GALEGA

Aprobado no Consello de Goberno o 2 de marzo de 2015

### PREÁMBULO

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (SUG) manifesta na súa exposición de motivos que:

Transcorridos máis de vinte anos desde a entrada en vigor da Lei 11/1989, de ordenación do sistema universitario de Galicia, resulta conveniente e necesario abordar unha actualización e simplificación do conxunto normativo que regula o ensino universitario de Galicia...

... Esta actualización debe cumprir o obxectivo de pular polo ensino público universitario e a investigación que se realiza nas universidades, defender os sinais de identidade de Galicia, nomeadamente a lingua, e apostar polo enraizamento do SUG na sociedade galega, contribuíndo á formación da cidadanía e achegando coñecemento á sociedade...

... O SUG aspira a mellorar os seus niveis de calidade e internacionalización, nun continuo proceso de modernización, o que esixe contar cunha regulación global e sistemática no eido do ensino universitario da nosa comunidade autónoma...

No artigo 2.º do título preliminar reconece como un dos obxectivos e fins propios do SUG:

f) A promoción do galego, lingua oficial e propia de Galicia, e a súa coexistencia co castelán, tamén lingua oficial, e, se for o caso, con outras linguas de interese para a docencia e a investigación.

Xa no título V, en que se ocupa da comunidade universitaria, refírese expresamente ao galego:

Artigo 89. A lingua

1. O galego e o castelán son as linguas oficiais das universidades de Galicia. O uso das linguas oficiais nas actividades universitarias rexerase pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e polo que dispoñan as normas propias das universidades.

2. O galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua de uso normal nas actividades das universidades.

3. A Xunta de Galicia e as universidades, no ámbito das súas competencias, estimularán o coñecemento e o uso do galego en todos os aspectos da actividade universitaria e fomentarán a súa aprendizaxe entre todos os membros da comunidade universitaria.

4. O uso do galego na actividade docente e investigadora poderá terse en conta para os efectos de recoñecemento de méritos individualizados do labor docente e investigador.

Na actualización da Lei do SUG distínguense as liñas que comprometen os poderes e institucións públicas na tarefa de normalización da lingua galega, dende o Estatuto de autonomía á Lei de normalización lingüística.

Arestora, coa integración no espazo europeo de educación superior, onde se salientan as calidades do multiculturalismo e o plurilingüismo, a lingua galega aparece como un elemento de riqueza máis dentro da pluralidade do Estado español e da Unión Europea. O impulso da mobilidade e o proceso de internacionalización reflíctense no Plan de internacionalización da Universidade e no desenvolvemento do campus de excelencia internacional. Cómpre adaptar e dispor a normativa para abranguer eses obxectivos: internacionalización, mobilidade, promoción do galego, estimulación do uso e aprendizaxe, lingua propia e oficial, coexistencia e uso normal.

As universidades do SUG veñen colaborando e traballando dende a súa creación pola normalización do galego. Xa de xeito máis coordinado, canda a Xunta de Galicia, na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, órgano que viña disposto como unha das medidas do Plan xeral de normalización lingüística.

As universidades de Santiago de Compostela e da Coruña dispoñen de senllos regulamentos de uso da lingua galega como marcos de referencia para contribuír a unha necesaria homoxeneización das imaxes corporativas das institucións. O maior uso doutras linguas na nosa universidade debe estar en consonancia co compromiso moral e legal que os Estatutos da Universidade de Vigo e a Lei do SUG proclaman coa lingua propia de Galicia. A Universidade de Vigo, do mesmo xeito que o resto do espazo universitario galego, sente a necesidade de participar igualmente nese proceso de normalización do uso do galego provéndose dunha normativa de referencia semellante que permita tamén homoxeneizar a súa imaxe corporativa en materia de lingua a través do seguinte Regulamento de uso da lingua galega.

## 1 ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1 Os usos lingüísticos da comunidade universitaria da Universidade de Vigo réxense polos criterios que establece este documento. A responsabilidade institucional do cumprimento deste regulamento, así como as accións de normalización lingüística en xeral, corresponde aos órganos de goberno desta universidade.
- 1.2 Sempre que nesta normativa apareza a denominación Universidade de Vigo, entenderase que se refire a todos os centros e unidades que a integran: facultades, escolas, centros, institutos, departamentos e servizos.

- 1.3 Os termos documentación e comunicación entenderanse referidos aos usos institucionais de tipo oral, escrito ou na rede telemática.
- 1.4 O nome oficial da Universidade é Universidade de Vigo, e así ha de constar. A denominación de centros, de estudos, de departamentos, de institutos e doutras figuras de investigación, así como os servizos universitarios ou administrativos, serán en galego.

## 2 USOS LINGÜÍSTICOS INTERNOS

Realizaranse en galego:

- 2.1 As comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións, convites etc.) entre centros, servizos e administracións da Universidade de Vigo.
- 2.2 Os outros documentos de uso interno utilizados polos diferentes órganos da Universidade:
  - 2.2.1 Os documentos de xestión xeral: programas de actuación, memorias, informes etc.
  - 2.2.2 Os documentos contables: ordes de pagamento, follas de pedimento, recibos, orzamentos etc.
  - 2.2.3 Os documentos académicos: follas de matrícula e de preinscrición, validacións, instrucións, instancias, enquisas, cartas de estudantes etc.
  - 2.2.4 Os documentos de xestión de persoal: nóminas, notificacións etc.
  - 2.2.5 Os documentos xurídicos: informes, resolucións reitorais, de xerencia, consultas, documentación dilixenciada, reclamacións, impugnacións etc.
  - 2.2.6 As disposicións e as actas.
  - 2.2.7 A expedición de certificados de expedientes de uso interno.
- 2.3 Os procedementos contractuais da Universidade de Vigo. Os contratos formalizaranse en galego e, en todo caso, unha copia dos pregos deberá estar dispoñible nesta lingua.
- 2.4 Os centros e os departamentos da Universidade de Vigo, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o galego. Así mesmo, os documentos que os departamentos e as entidades institucionais elaboren: as memorias, as actas, as comunicacións oficiais para os taboleiros de anuncios, os programas das materias etc.

- 2.5 As denominacións de cursos de posgrao (especialización e mestrados) e os créditos e as materias que os compoñen.
- 2.6 Os títulos acreditativos de estudos propios expedidos pola Universidade de Vigo redactaranse en galego, agás os que teñan efectos fóra da nosa comunidade autónoma, que se expedirán en versión bilingüe.
- 2.7 Os títulos de estudos oficiais expediranse en versión bilingüe segundo a lexislación vixente sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios.
- 2.8 Os rótulos informativos, as cabeceiras de todo tipo de papeis corporativos, os cuños e outros elementos análogos.
- 2.9 As inscricións e as rotulacións que identifiquen bens de propiedade da Universidade, como inmobles, vehículos, maquinaria, ferramenta etc.
- 2.10 A rotulación e os indicadores situados nas vías e nos camiños que dependen da Universidade.
- 2.11 Os rótulos, indicadores, letreiros, sinalización, tanto nos exteriores coma nos interiores dos edificios da Universidade estarán en galego. Cando a normativa ou o interese xeral o requira, as sinalizacións tamén poderán incorporar outras linguas.
- 2.12 As páxinas web, as intranets, os blogs informativos dos servizos, os accesos oficiais ás redes sociais, os portais telemáticos para teledocencia, os avisos e as convocatorias nas listaxes de correo electrónico, e toda a posibilidade de comunicación na rede dixital, sempre que teña unha vertente oficial da Universidade.
- 2.13 De se precisar a adquisición de programas ou licenzas de aplicacións informáticas valorarase a dispoñibilidade de versión en galego ou a facilidade da súa posta en práctica.

### 3 USOS LINGÜÍSTICOS EXTERNOS

- 3.1 As comunicacións formais interuniversitarias e con institucións públicas e privadas da comunidade autónoma galega (incluída a administración periférica do Estado) faranse en galego.
- 3.2 As comunicacións formais con destino a entidades de fóra da comunidade autónoma galega faranse:
  - 3.2.1 En galego se a institución receptora ten esta lingua recoñecida como lingua oficial de traballo.

3.2.2 En versión bilingüe galego-castelán cando o galego non sexa oficial, pero si o castelán. Nestes casos, o documento contará cunha parte impresa, onde o corpo fixo será en versión bilingüe galego-castelán e a parte para cubrir en castelán.

3.2.3 En versión bilingüe galego-outra lingua oficial de traballo da institución receptora cando nin o galego nin o castelán sexan oficiais. Nestes casos, se o documento contén unha parte impresa, o corpo fixo será en versión bilingüe galego-lingua receptora e a parte que se cobre na lingua da institución.

3.3 A expedición de certificados de expedientes académicos para o uso externo farase en galego.

3.4 Os estudos, os proxectos e os traballos análogos que a Universidade de Vigo lles encargue a terceiros no dominio lingüístico galego entregaranse en galego, agás que a súa finalidade esixa a redacción noutra lingua. Este requisito será explicitamente recollido nas convocatorias ou nas solicitudes de tales traballos.

3.5 Os escritos que a Universidade presente nos tribunais de xustiza ou arbitrais no ámbito lingüístico galego redactaranse, sempre que sexa posible, en galego.

## 4 USO ORAL

4.1 Na atención oral aos usuarios/as e á cidadanía en xeral, tanto se é persoal como telefónica ou por medios telemáticos, as empregadas e empregados públicos da Universidade de Vigo dirixiranse en galego ao seu interlocutor/a, agás nos casos en que se solicite ser atendido en castelán ou cando o funcionario/a o considere necesario para facilitar a comunicación.

4.2 Nos actos académicos (apertura do curso académico, investidura de doutores/as honoris causa etc.) e nos actos públicos en xeral (inauguracións, sinatura de convenios etc.) feitos no territorio lingüístico galego, a lingua que utilizarán os/as representantes da Universidade será o galego, agás que as circunstancias esixan o uso doutra lingua.

## 5 REXISTROS

5.1 Sen prexuízo do que, para algúns rexistros públicos, establece o artigo 9 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, nos rexistros administrativos da Universidade de Vigo os asentamentos faranse sempre en galego, independentemente do idioma que presente o documento.

- 5.2 Nos expedientes académicos do alumnado porase en galego o nome das materias, as cualificacións e todas as demais informacións.
- 5.3 A expedición de certificados farase en galego. Por pedimento expreso das persoas interesadas facilitarase a versión bilingüe ou castelá, que irá validada pola persoa responsable administrativa correspondente.

## 6 PUBLICACIÓNS E PUBLICIDADE

- 6.1 As disposicións da Universidade de Vigo publicaranse segundo os criterios establecidos neste documento sobre o uso interno e externo da lingua galega.
- 6.2 As revistas non científicas, as memorias, as guías de estudantes, os carteis, a información sobre cursos, congresos, simposios, conferencias, os avisos, as convocatorias e, en xeral, as publicacións que a Universidade de Vigo faga, tanto internamente coma en medios de difusión externos, redactaranse en galego, excepto as destinadas especificamente á promoción exterior, que se poden facer noutra lingua.
- 6.3 A publicidade de todo tipo que emita a Universidade de Vigo, ou que realice con outros organismos, realizarase en galego, agás a que fose destinada especificamente á promoción exterior.
- 6.4 A Comisión de Publicacións establecerá uns criterios de uso para empregar linguas distintas ao galego por razóns de difusión científica nas publicacións da Universidade.
- 6.5 As publicacións deberán respectar en todo caso o dereito do autor/a, de maneira que a tradución de orixinais deberá contar co seu previo consentimento.

## 7 DOCENCIA E INVESTIGACIÓN

- 7.1 O profesorado e o estudantado teñen o dereito a expresarse oralmente e por escrito na lingua oficial da súa preferencia. É obxectivo da Universidade que o galego sexa vehículo de expresión normal nas actividades docentes e investigadoras.
- 7.2 A Universidade ofrecerá cursos e sistemas de autoaprendizaxe e de asesoramento lingüístico e terminolóxico para que o alumnado e o profesorado perfeccionen a comprensión e o coñecemento do galego, e posibiliten o incremento do seu uso na docencia.
- 7.3 O profesorado da Universidade de Vigo coñecerá suficientemente as dúas linguas oficiais de acordo coas esixencias das súas tarefas docentes.

- 7.4 Os servizos da Universidade informarán o profesorado, no momento de incorporarse, desta normativa, así como sobre os cursos de galego e outros mecanismos de apoio para que perfeccionen e incrementen a comprensión e o uso do galego.
- 7.5 Os documentos relacionados coa docencia, como os plans de estudos, os programas de materias, as actas de cualificacións e similares serán en galego.
- 7.6 O estudantado non poderá ser discriminado ou verse prexudicado por utilizar o galego nas clases e nos exames. Os departamentos garantirán a corrección dos exames en galego aínda que a docencia se imparta noutra lingua, agás nos casos de materias (como as de Filoloxía e de Tradución) que especifiquen no programa un criterio diferente.
- 7.7 A Universidade promoverá o uso do galego nas actividades de investigación, ofrecendo medidas de promoción e de soporte técnico para corrixir as teses de doutoramento e outros documentos de investigación redactados en galego.
- 7.8 A asistencia a clase de alumnado proveniente de fóra do dominio lingüístico galego non comportará alteracións de uso do galego na docencia. A Universidade informará previamente este estudantado do uso do galego na docencia, como tamén da convocatoria de cursos específicos para este colectivo.
- 7.9 A Universidade ofreceralle titorías activas de orientación a este alumnado, e será preciso nomear un coordinador/a por centro que aconsellará sobre as materias que poderán cursar e resolverá ou vehiculará as cuestións que xurdan ao longo da súa estadía na Universidade.
- 7.10 A Universidade de Vigo promoverá a creación do Programa de voluntariado lingüístico, coa participación dos diferentes colectivos que conformen a comunidade universitaria, para que lle sirvan de soporte de integración á cultura galega.
- 7.11 As convocatorias de bolsas realizadas pola Universidade terán en conta o que dispoña o presente regulamento. Os bolseiros/as ou calquera persoa que colabore en funcións docentes, de xestión administrativa ou de atención ao público, adecuaranse ao cumprimento deste regulamento.
- 7.12 Queda excluído da aplicación deste regulamento o profesorado visitante ou análogo.

## 8 PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- 8.1 Os órganos de goberno da Universidade adoptarán as medidas necesarias para que en cada unidade administrativa ou de servizos, e mais o persoal que estea relacionado co público tanto oralmente como por escrito, teña os coñecementos de galego necesarios para garantir o dereito da cidadanía a escoller a lingua de relación coa administración.
- 8.2 Os órganos de goberno da Universidade de Vigo establecerán o nivel de coñecemento da lingua galega axeitado e esixible para cada posto de traballo na Universidade.
- 8.3 En todas as bases que regulen as convocatorias para a provisión de postos de traballo da Universidade, de réxime administrativo ou laboral, e os concursos de méritos destinados á promoción interna, establecerase a acreditación dun determinado nivel de lingua galega, de acordo co apartado anterior.

## 9 CONTRATACIÓN E CONVENIOS

- 9.1 Os contratos de prestación de servizos (cafeterías, comedores universitarios, reprografía, axencias de viaxe etc.) asinados pola Universidade con entidades privadas conterán unha cláusula onde se comprometan a cumprir as normas que en materia de uso lingüístico dispón este regulamento.
- 9.2 Estas empresas utilizarán o galego na rotulación, nos avisos etc., e a atención aos usuarios/as deberá ser efectiva en ambas as linguas oficiais. Procurarán que os produtos e os servizos que ofrecen conteñan a información en galego. A Universidade ofrecerá a colaboración da Área de Normalización Lingüística para facilitarlle o cumprimento desta normativa.
- 9.3 Os convenios asinados pola Universidade con outras entidades públicas ou privadas redactaranse en galego e, se é o caso, na lingua ou nas linguas oficiais ou de traballo da outra ou outras entidades asinantes.

## 10 CALIDADE LINGÜÍSTICA

- 10.1 Debido a que os textos públicos da Universidade transmiten a imaxe da propia institución e son susceptibles de seren interpretados como modelos de lingua en todos os textos, documentos e comunicacións da Universidade de Vigo, coidarase especialmente a calidade e a corrección lingüística. Ademais, terase en conta a harmonización dos textos, a democratización, a personalización, a claridade de contidos e a

uniformidade, de acordo cos criterios de linguaxe administrativa da Xunta de Galicia.

- 10.2 Deberase usar unha linguaxe inclusiva que evite posibles ambigüidades, fórmulas sexistas e oculte un dos xéneros.
- 10.3 A Universidade velará para que estes criterios se utilicen nos textos e nas comunicacións das actividades doutras entidades coas que colabore.

## 11 TOPONIMIA E NOMES DE RÚAS, EMPRAZAMENTOS OU EDIFICIOS

11.1 Tal e como dispón o artigo 10 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

11.2 A Universidade de Vigo preservará as formas tradicionais dos lugares como parte integrante do patrimonio cultural. As formas dos topónimos empregadas pola Universidade serán sempre as establecidas legalmente.

11.3 Seguiranse os criterios establecidos na declaración asinada pola Comisión de Toponimia en 2002 para nomear as rúas, camiños, edificios de titularidade da Universidade:

11.3.1 Na denominación oficial das diferentes realidades xeográficas (entidades de poboación, urbanizacións, prazas, rúas etc.) ha de preferirse sempre un topónimo tradicional antes que fórmulas de nova invención.

11.3.2 No caso de realidades xeográficas de nova creación realizarase un inventario das denominacións tradicionais do territorio afectado e empregaranse nomes tomados dese repertorio para a denominación oficial das novas realidades.

11.3.3 Cando nunha área determinada os topónimos tradicionais superan en número as novas realidades xeográficas creadas de preferencia, deben preservarse os topónimos de maior interese histórico, arqueolóxico ou filolóxico.

11.3.5 Só se empregará o recurso á imposición de «topónimos honoríficos» (nomes de persoas ou institucións, de conceptos abstractos, de cidades ou países etc.) nos casos en que a nova denominación non sepulte un topónimo tradicional.

11.3.6 No caso de ter que optar por un topónimo honorífico ou conmemorativo, seguiranse as directrices aprobadas pola ONU en 2004.